




Clasificación da poboación en relación coa actividade

A idade mínima para incorporarse ao mercado laboral en España é os 16 anos. Atendendo a relación coa actividade económica, a poboación de 16 ou máis anos clasifícase en:



Cálculo de taxas

$$\text{Poboación activa} \div \text{Poboación de 16 ou máis anos} \times 100 = \text{Taxa de actividade}$$

$$\begin{array}{l} \boxed{\text{Poboación ocupada}} \div \boxed{\text{Poboación de 16 ou máis anos}} \times \boxed{100} = \boxed{\text{Taxa de ocupación}} \\ \boxed{\text{Poboación parada}} \div \boxed{\text{Poboación activa}} \times \boxed{100} = \boxed{\text{Taxa de paro}} \end{array}$$

Os sectores de actividade

Os ocupados pódese clasificar segundo a actividade que se realiza no seu centro de traballo, nos seguintes sectores económicos: agricultura e pesca, industria, construción e servizos.

2

Fontes de información

En España, as principais fontes que proporcionan información sobre o mercado laboral son:

- ✓ Enquisa de poboación activa (EPA) elaborada polo INE e na que colabora o IGE para a obtención dos datos de Galicia.
- ✓ O paro rexistrado nas oficinas públicas de emprego, facilitado polo Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE).
- ✓ As afiliacións á Seguridade Social en alta laboral.

¿Cales son as diferenzas entre o paro da EPA e o rexistrado nas oficinas públicas de emprego?

- ✓ A EPA é unha enquisa realizada por mostraxe, polo que se obtén unha estimación do número de parados. Por outra banda, o SEPE obtén o número de parados a partir dun rexistro administrativo.
- ✓ Para que na EPA unha persoa se considere como parada ten que estar sen traballo, dispoñible para traballar e buscando activamente emprego. A inscrición nunha oficina pública de emprego só con fins administrativos (renovación da demanda) non se considera busca activa de emprego.
- ✓ Non todos os parados teñen porque estar inscritos no SEPE. Este feito pode darse sobre todo entre as persoas que non teñen dereito a unha prestación por desemprego e pensan que non van atopar traballo a través das oficinas públicas de emprego.

Máis información ...

Podes atopar información máis detallada sobre os conceptos relacionados co mercado laboral e actividades relacionadas con esta temática na correspondente unidade didáctica do Portal Educativo: http://www.ige.eu/estatico/educacion/Economia/Mercado_laboral/Teoria.htm

